

A seguridade, a nosa prioridade

Pedimos a apertura de dúas novas delegacións da Policía Local, unha na zona norte do Concello e outra no centro.

Insistimos na necesidade dunha nova comisaría de Policía Nacional na contorna do Castiñeiro, bloqueada polo PSOE no goberno local e no Estado.

Queremos unha maior presenza policial na rúa para reforzar a seguridade de todos e todas grazas a intervencións máis áxiles.

Reclamamos a creación dunha Unidade de Prevención e Reacción (UPR) na Comisaría Provincial para ter 20 axentes especializados máis.

O que vén

Bonificación do IBI e eliminación da plusvalía

O Concello debe aplicar o acordo que promovemos dende o PP para bonificar o IBI e eliminar a plusvalía aos propietarios de terreos afectados polo cambio de calificación urbanística nas áreas de expansión, que están a pagar como solo urbano sen poder construír neles.

Presentamos no Rexistro do Concello, acompañados dunha nena en representación do futuro do barrio, as primeiras 1.500 sinaturas que recolleemos, xunto a colectivos veciñais da Milagrosa, para reclamar máis seguridade e unha mellor convivencia cidadá nesta zona

O QUE CONSEGUIMOS
NO ÚLTIMO TRIMESTRE

DESMONTANDO
O PSOE E O BNG

ESTIVEMOS
CONTIGO

OS CULPABLES DO
APAGÓN DE LUGO

O QUE CONSEGUIMOS NO ÚLTIMO TRIMESTRE



Comezan as obras do centro de saúde da Milagrosa

Este outono iniciouse a **reforma integral do antigo hospital Plácido Vila**, que volverá ser un espazo ao servizo da saúde grazas a un investimento de **3,1 millóns** de euros. Con este orzamento **renovarase o edificio** ao completo, ampliando e reorganizando os espazos. Esta actuación súmase á **remodelación da residencia de maiores**, á que a Xunta destina **1,7 millóns** de euros para distintas melloras.

Máis seguridade viaria para as persoas de Castelo e a contorna



Conscientes da preocupación da veciñanza que reside nas inmediacións da estrada LU-530 (a que enlaza Lugo coa Fonsagrada), a Xunta inviste **132.000 euros** para a creación dunha **senda peonil**, dous **novos pasos de cebra** e o reforzo da sinalización. Esta intervención complétase coa reparación do pavimento en zonas deterioradas no treito comprendido entre Lugo e Castroverde por **case dous millóns de euros**.



Ábrese a toda a veciñanza o aparcamento do IES Ollos Grandes

Tras reunírmonos **cos e as residentes do Parque Rosalía e de Recatelo** e coa **dirección do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes** conseguimos que o aparcadoiro poida ser usado as fins de semana e festivos e de luns a venres (15:30-23:30 horas), agás mércores (18:30-20:30). Tamén se abrirá ao público o do **IES Lucus Augusti** e acadamos **financiamento da Xunta para un aparcadoiro na Ronda das Fontiñas**.



Nova actuación do Plan Paradaí coa renovación da rúa Serra de Meira



A Xunta concluíu este verán os traballos para intervir no treito comprendido entre as rotondas de Serra de Meira e da avenida Alfonso Suárez, unha actuación para a que se prevé un investimento de **case un millón de euros**. Para executar esta obra, que inclúe a **construción de muros de contención** e mantén as zonas actuais para **peóns e ciclistas**, vén de asinarse un convenio co Concello de Lugo.



Avanza a reforma e mellora das bancadas do estadio Anxo Carro

A Xunta de Galicia destina preto de **3,6 millóns de euros** para intervir nas **catro gradas** do Anxo Carro. As obras, iniciadas este verán, inclúen unha **grada nova e definitiva para a sur**; reformas de accesibilidade, funcionalidade e seguridade con novos accesos e aseos nas **gradas norte e oeste**; e unha **nova cuberta para a leste**, con bancos na grada e incluíndo un ascensor.

A legalización e ampliación da Protectora, máis preto de ser unha realidade



A Xunta de Galicia inclúe nos seus orzamentos de 2026 unha partida de **250.000 euros** para **un novo centro de protección animal**, sendo a única administración que xa consignou oficialmente unha partida. O feito de que o Concello concedese licenza, despois de que o alcalde votase catro veces en contra da intervención, demostra que non é que non se puidese facer, senón que non quería.



EN BREVE

Vivenda: comezo das obras para vivendas de promoción pública en **Garabolos** e próxima licitación de 2 edificios na **rúa Catedral**.

Desbroce e limpeza de **camiños** grazas ao traballo conxunto da **Comunidade de Montes de Labio** e da Xunta a través de AGADER.

Xulgados: a Xunta destina **521.000 euros** á renovación integral da cuberta do edificio Xudicial para evitar filtracións de auga.

E TAMÉN

Pazo de Feiras: melloraranse a cúpula, as cubertas dos pavillóns e a pasarela de acceso cun investimento de **710.000 euros**, dos que a Xunta asume o 45%.




Demolición do muro de Aspnaís: conseguimos que a Xunta remate con este tapón urbanístico a carón do **futuro centro para enfermos de saúde mental**.

DESMONTANDO O PSOE...

8 exemplos que avalan que estamos diante dun goberno que **non escoita** e que **bloquea** o presente e o futuro do Concello:

1. A veciñanza de Lugo continúa coa **inseguridade e a incerteza** de que vai ocorrer cos seus **contadores de auga**. O PSOE tivo dende 2020 para liderar a renovación ou verificación destes dispositivos, pero nin sequera aclarou cal é o seu modelo no pleno extraordinario que pedimos, provocando **confusión** tamén entre o colectivo dos **fontaneiros**.



2. A falta de diálogo do PSOE tamén provocou que Lugo seguise sen un **espazo de baño público**, unha área que teñen moitos Concellos máis pequenos da contorna. O goberno persistiu na **súa confrontación coa Xunta** mentres pagamos **preto de 24 000 euros anuais** para alugar unha nave na que gardar as plataformas provisionais.

3. A praia fluvial non é o único exemplo de dotación prometida na que non hai avances: o **novo pavillón deportivo** que fora anunciado polo PSOE no 2021 continúa agochado nun caixón. Estamos diante da **cuarta tempada perdida** para **clubs e deportistas**, quen sofren as consecuencias da saturación das instalacións actuais.

4. Dende que o PSOE chegou á alcaldía en 1999, pedimos en moitas ocasións que se unisen os **paseos do Rato e do Miño**. A falta de xestión socialista provocou que fixeran falta **26 anos** para que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil dese os primeiros pasos para conectar **un treito de apenas 500 metros** e dous metros de ancho.

5. O PSOE substituíu a **falta de avances** en proxectos estratéxicos dos que se beneficiaría toda a veciñanza por obras innecesarias ou mal executadas: o **coliving do Carme** custou **1,6 millóns de euros** e un ano e medio despois segue sen uso; e as **caldas do Miño (case 1 millón)** estiveron pechadas outra vez en pleno verán por **lexionela**.



6. Despois de anos de molestias e de incomodidades, a veciñanza do casco histórico segue con **solucións provisionais**, como se aprecia na sinalización actual do centro, e cunha **improvisación** que xerou unha grande **incerteza** á xente de Lugo e aos/as visitantes durante todo o verán e o San Froilán.

7. Esta provisionalidade tamén se aprecia na creación da **brigada de obras**, que non é máis ca unha **estrutura paralela** para tecer unha rede **ás costas dos funcionarios de Obras** nun caso máis de **privatización** (a día de hoxe, hai 39 contratos externalizados por case 34 millóns de euros anuais).

8. A falta de axilidade do Concello provoca que moitas **asociacións veciñais** corran o risco de **perder subvencións** para a mellora dos seus **locais sociais**. Por iso pedimos que o goberno local rectifique e lles dea prioridade a estes expedientes para que estas intervencións non queden sen executar.

...E DESMONTANDO O BNG

O BNG ponse **de perfil** nos temas relevantes para Lugo e en vez de centrarse no seu traballo de goberno, o que fai é **oposición**:



1. O BNG promoveu a **privatización da xestión do Vello Cárcere** nunha nova incoherencia entre o seu discurso e a súa práctica política. Prefire externalizar este servizo poñendo **en risco a estabilidade orzamentaria** en vez de dotar ás persoas empregadas de **garantías laborais** ou en vez de **atender os informes propios** que desaconsellan esta decisión.

2. Nesa estratexia de **rematar con servizos públicos**, o BNG condena as familias luguesas a non ter en funcionamento a **Escola Municipal de Música** por segundo curso consecutivo. Malia ser algo moi demandado, o goberno local continúa sen atopar a maneira de recuperalo pola súa **permanente confrontación co persoal municipal**.

3. Tamén no eido da Educación, o Concello leva un ano sen cubrir unha praza de educadora permanente na **Escola Infantil Gregorio Sanz**, prexudicando así as **familias e o persoal** dese centro, que sofre unha **clara discriminación** e unha **sobrecarga de traballo** dende outubro de 2024 para garantir a atención educativa que merece o alumnado.

4. Esta **falta de axilidade e esa opacidade** non só se aprecian na contratación de persoal, senón tamén na xestión do **novo auditorio**. A piques de cumprir un ano dende a súa inauguración, este centro pasou **varios meses sen actividade** e a día de hoxe está **secuestrado**, sen unha ordenanza que regule o seu uso dun xeito **transparente**.

5. A ausencia dunha **política de mobilidade** seria e ambiciosa provoca que os **principais problemas de tráfico e estacionamento** sigan sen atallar. En vez de aproveitar o financiamento da Xunta para un novo aparcadoiro nas **Fontiñas**, o BNG prefire aplicar un parche cun asfaltado en Rof Carballo que non aumenta as prazas dispoñibles.

Sabías que o BNG retirou partidas de Educación para destinalas ao San Froilán?

Malia contar cun orzamento de preto de **1,5 millóns de euros** para organizar o San Froilán de 2025, o goberno desprazou para estas festas **48.000 euros** reservados para **necesidades dos centros educativos**.

ESTIVEMOS CONTIGO

Conectamos o presente e o futuro de Lugo

O noso proxecto para Lugo contempla accións para **persoas de todas as idades**. Por iso avanzamos na implicación dos mozos e mozas, cuxas ideas e propostas recabamos nunha nova edición do noso **Espazo Infantil**, desta volta na Praza de **Augas Férreas**, e tamén no **Espazo Xuvenil**, no que reunimos a persoas de entre 16 e 18 anos. Tamén celebramos o primeiro ano da **nova vida do barrio da Residencia**, que revitalizou a Xunta co centro para maiores de San Antonio, e reunímonos cos promotores dunha **nova residencia para a terceira idade en Recatelo**, coa que gañaremos outras 115 prazas deste tipo.



Sumámonos á iniciativa da asociación **Aspnais** para encher Lugo de cor e de reivindicacións de visibilidade para as persoas con discapacidade grazas á primeira **Holi Run**.



Coñecemos de preto o traballo de **Diaconía**, entidade que desenvolve nove programas de **acompañamento ás persoas máis vulnerables**, coma o de **Sen etiquetas, sen odio**.

A carón de quen defenden un Lugo máis integrador

Participamos na segunda edición dunha **andaina** organizada pola asociación Amigos do Camiño de Santiago e a Garda Civil na que se recadaron **3100 euros** a beneficio de **Alume**.

Reunímonos con integrantes da directiva da **Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses** para afondar nunha colaboración que consigan un Lugo máis **diverso e plural**.



Acompañamos a **Afalu**, a asociación lucense de referencia na atención a persoas con **alzheimer** e as súas familias, na súa gala conmemorativa con distintas **actuacións musicais**.

No día a día de Lugo



O Concello debe reforzar o seu diálogo cos distintos **colectivos sectoriais**, como fixemos nós con **Alufonca**, para coñecer de primeira man as súas demandas.



Continuamos facendo realidade o noso compromiso de **visitar todos os anos as 54 parroquias** do Concello, como nesta xuntanza recente no **Veral**.



Seguimos implicándonos de cheo na celebración das **tradicións que nos unen**, como vestirnos co **traxe galego característico** polo **San Froilán**.

**Sen AVE
a Madrid,
sen tren a Santiago,
sen aparecer na
planificación de melloras
da rede eléctrica,
sen autovías finalizadas
a Lugo e Ourense...**

**Pedro Sánchez, Miguel
Fernández e Rubén Arroxo
condenan a Lugo ao maior
apagón da súa historia**



LUGO

Contigo Lugo faise grazas ás túas achegas



Praza Maior, 1



grupomlugo.pp@lugo.gal



618 626 902



@PPLugolocal



@PPConcelloLugo



@ppconcellolugo



@comunicacionpplugo

Produto feito con papel certificado